



Árbore  
Commemorativa



## CAMELIA SASANQUA " Sasanqua das Xanas "

Camellia sasanqua

*SABÍAS QUE...? É a flor oficial da cidade xaponesa de Saga. Ten unha longa historia de cultivo en Xapón por razóns prácticas máis que decorativas, xa que as follas úsanse para facer té e coas sementes ou noces faise aceite usado en iluminación, lubricación, cocción e cosméticos.*

Pertence á familia das teáceas. Procede de Asia Oriental, sobre todo de Xapón, onde é máis valorada polas súas sementes, utilizadas para a elaboración de aceites, que a planta en si como ornamental, aínda que na actualidade o seu valor ornamental incrementouse. A súa chegada a Europa é posterior á Camellia japónica, durante o século XIX os viveristas e xardineiros utilizaban moi pouco estas plantas, das que pensaban que eran menos resistentes e con flores de inferior categoría que a popular C. japónica.

**Nome común:** Camelia Sasanqua (cast.); Camelia Sasanqua (gal.); Sasanqua Camellia (ingl.).

### Etimoloxía:

- Camellia: nome xenérico outorgado en honra do botánico e misioneiro xesuíta do século XVII Josef Camel (tamén coñecido como Camellus), que foi o primeiro en describilas e debuxalas nunha viaxe a Filipinas a bordo dun galeón español. Carlos Linneo nomeou a este xénero na súa honra
- sasanqua: epíteto derivado da palabra xaponesa sazanka, que significa "té de montaña"

**Descrición da especie:** É un arbusto ou árbore pequena de follaxe densa, sempre verde que pode medir ata 6m. de altura, perennifolio, moi ramificado, con cortiza lisa de cor grisáceo e ramiños estriados amarelados ou pardo-avermellados. As follas son elípticas, coriáceas e co bordo drenado. As flores adoitan ser olorosas, xeralmente son terminais e solitarias, de tamaño medio, poden ser simples, con 6 - 8 pétalos libres, dobres e semidobres. Os pétalos son ondulados, a súa cor varía de branco a rosa máis ou menos intenso, e é raro ver unha C. Sasanqua de cor vermella (como o cultivar 'Yuletide', sp. vernalis). Florece no outono e principios de inverno, con abundantes flores, e produce unha gran cantidade de sementes de cor negra brillante que están envolvidas nunha cápsula.

